

VOCES DA ESQUERDA

Voceiro da agrupación comarcal de EU-IU de Vigo

EDITA:
Consello Comarcal de
EU-IU Vigo

ANO II NÚMERO 3
SETEMBRO DE 2004

COLABORACIÓNS A:
eu-vi go@esquerdauni da. org



VENEZUELA.
O POBO É QUEN MÁIS
ORDENA

IZQUIERDA UNIDA FELICITA Ó GOBERNO VENEZOLANO

Madrid. lu al día.

El coordinador general de Izquierda Unida, Gaspar Llamazares, ha transmitido al gobierno de Venezuela y a su presidente Hugo Chávez la felicitación de toda la organización por su contundente victoria en el referéndum celebrado ayer tras conocer los resultados. En este sentido ha mantenido una conversación telefónica esta misma mañana con la embajadora en nuestro país. Como se sabe el presidente ha obtenido un respaldo muy mayoritario (superior al 58%) de apoyo popular. Izquierda Unida que ya expresó su deseo, común al de toda la izquierda latinoamericana, de que el actual gobierno de Venezuela mantuviera la política de progreso y avance social que está

acometiendo el presidente Chávez, expresa su alegría y la de todos sus simpatizantes por esta contundente victoria que puede y debe servir de ejemplo para la izquierda en su conjunto. La masiva participación po-



pular en esta consulta y la normalidad de la misma, certificada por los observadores internacionales desplazados a ese país, han sido un ejemplo de democracia y actitud cívica que implican el reconocimiento tanto interno como internacional de los resultados y el respeto de todos los países hacia el camino elegido libremente por el pueblo de Venezuela. Esperamos y deseamos que el gobierno de España emprenda un camino de colaboración y amistad con el gobierno de Venezuela que borre la última etapa negra del anterior ejecutivo presidido por el señor Aznar que mantuvo una actitud de apoyo al golpismo y a los sectores opositores de la derecha Venezolana.

NOTA DE PRENSA DA ASEMBLEA COMARCAL DE EU-IU

A agrupación local de EU-IU condena o **contínuo e reiterado atropello que sofren os veciños de Teis con motivo das obras na Praia de Lagoa**, consistentes na construción dun pantalán e a previsión dun novo recheo. Obras que se realizan coa falta dun estudio ambiental e xa denunciadas por EU-IU na cámara de peticións do Parlamento Europeo. A pasada semán con permiso da autoridade portuaria (Astilleros e Construcións A Lagoa S.A.) fixo a instalación de 3 panta-

lans na devandita praia o que constitúe un total atropello e ocupación dun espacio público para beneficio privado. Tamén denunciaremos o populismo do edil vigues Chema Figueroa coa súa decisión máis que sospeitosa de para-las obras. Sobre todo cando según os nosos informes a presenza policial parece mais destiñada a custodia-las obras que a velar pola súa paralización. Por todos estes motivos facemos un chamamento.o apoio a estoica e incansabel loita dos

representantes veciñais, especialmente a dos membros de “Voces polo litoral de Teis”.




FESTA DO PCE 2004

Un ano máis a festa do PCE constitúe un espacio de encontro, esparcemento e reflexión política da esquerda alternativa do noso país. Os compañeiros da **AGRUPACIÓN COMARCAL DO PCG DE VIGO** queren invitar a toda a xente de EU-IU e os nosos simpatizantes a acudir a este súa-nosa festa. Para isto o PCG ten organizada unha viaxe a Madrid que sae o vindeiro ven-

res 17 de setembro da praza do Sol de Vigo ás 9:00 da mañá. O prezo é de 50 euros e inclúe viaxe ida e volta en bus e entrada á festa os tres días.

Todos aqueles interesados podedes poñervos en contacto co PCG ben no correo:

vigo@pcgalicia.org
ou nos teléfonos:
600730885 (Antonio)
658639433 (Rubén)



IU PIDE O VOTO NEGATIVO A CONSTITUCIÓN EUROPEA

La comisión permanente federal de IU que se reúne el próximo lunes tiene previsto estudiar la resolución que someterá a consideración del conjunto de la organización en la que la dirección propone a sus afiliados el voto negativo al actual proyecto de constitución europea.

Reproducimos aquí un extracto del texto:

NO A LA CONSTITUCION NEOLIBERAL, OTRA EUROPA ES POSIBLE

El gobierno ha anunciado su intención de convocar un referéndum sobre el Tratado Constitucional para la Unión Europea el próximo mes de febrero. Izquierda Unida saluda esta decisión, que debe permitir un debate profundo y amplio, sobre el futuro de la Unión Europea y sobre el modelo de sociedad que queremos. La última palabra, en democracia, debe corresponder a los ciudadanos. Por eso esperamos que el gobierno articule los medios necesarios financieros y me-


diáticos para que todas las posiciones sean conocidas por los ciudadanos y estos puedan manifestarse con pleno conocimiento de causa.

Izquierda Unida inscribe su proyecto de emancipación en el marco de la construcción europea. Creemos en una Europa unida, federal, progresista, cooperativa, solidaria y promotora de la paz y el desarme al servicio de los intereses de sus ciudadanos y sus pueblos. Somos una organización que liga su futuro al de la propia Europa.

Por eso, por ser claramente europeistas, no podemos estar de acuerdo con la propuesta de Tratado Constitucional adoptado por los Jefes de estado y Gobierno de la Unión Europea.

En primer lugar, su método de elaboración no se ha basado en la soberanía popular de los ciudadanos europeos. No ha habido un proceso constituyente europeo. La Convención, lejos de inspirarse en los principios republicanos de participación ciudadana, ha sido un foro de elites designadas por los jefes de estado y gobierno europeos. Han sido ellos, con sus

acuerdos y condiciones intergubernamentales los que han aprobado el texto que se nos propone. No se trata por ello de una verdadera Constitución europea, cuya necesidad Izquierda Unida reivindica. Sino de una carta otorgada que niega el derecho de ciudadanía más elemental, como es el propio proceso constituyente.



Voceiro da agrupación
comarcal de EU-IU de Vigo

AGRUPACIÓN COMARCAL DE VIGO
Porta do sol 11-Bis Entrechán
36302 VIGO Pontevedra

Teléfono: 986 22 07 29
Fax: 986 22 07 29
Correo: eu-vigo@esquerdaunida.org

VOCES DA ESQUERDA
VOCEIRO DA AGRUPACIÓN COMARCAL DE ESQUERDA UNIDA-IZQUIERDA UNIDA-VIGO

O DIA DAS LETRAS GALEGAS 2005 ADICARASE O POETA COMUNISTA **LORENZO VARELA**

ARTIGO DE CARLOS PORTOMEÑE (Secretario Xeral do PCG)



Nacera en 1916 a bordo dun vapor que xa divisaba A Habana, como tantos outros galegos que pariu a fame. Tras unha fugaz estancia de tres meses o Atlántico devolveríao á súa terra materna (Monterroso- Lugo) onde pasou os sete primeiros anos do seu camiño, antes de recalar en Bos Aires. Oito pasos-anos despois regresa a Lugo, recién instaurada a II República. Alí cursa bacharelato e actividade política, que compaxina con tertulias literarias. En decembro do 34, a desconfianza policial pola súa participación nos recentes sucesos revolucionarios impúlsao a Madrid. Viaxa cun petate de lona nun camión de peixe, deixando esquecido na percha dun café o seu sombreiro; acaso un símbolo de eterno retorno. En pouco tempo introdúcese nos círculos culturais e literarios da capital, incorporándose como colaborador en El Sol da man do músico Rodolfo Halfter, con quen tempo despois gravaría as cancións dos brigadistas internacionais.

Participou nas Misións Pedagóxicas, foi un dos fundadores de El mono azul e colaborou en numerosas publicacións de loita, que compaxinou coa súa condición de miliciano do V Rexemento. "Los poetas que fueron compañeros de camino del proletariado español hoy son sus camaradas de guerra. Algunos leván fusil: Miguel Hernández va con "el Campesino"; Lorenzo Varela, con el tren blindado", sinalaría María Teresa León. A súa precocidade é manifesta, tanto no ámbito cultural coma no terreo político-militar. Como Santiago Álvarez destacaría, "con 21 anos de idade Lorenzo ocupou o posto de máxima responsabilidade política dunha división do Exército Popular, a 46 División, integrante do 5º Corpo do Exército".

Ó rematar a guerra chegaría o campo de concentración francés de Saint-Cyprien. Liberado gracias a intelectuais franceses, viaxa a México, onde se incorpora no consello de redacción de Taller, que dirixe Octavio Paz. En 1940 é cofundador da revista cultural Romance. Tras unha breve estancia en Cuba pasa a Bos Aires. Ser galego e comunista semellan ser sinónimos de emigración e exilio: dúas caras da mesma moeda. E ningún sitio máis propio para confirmar este feito que a Arxentina. Da súa estancia neste país datan os seus poemas Torres de Amor, Catro poemas para catro gravados, Lonxe e Homenaje a Picasso, que inclúen algúns dos máis fermosos versos xamais escritos en lingua galega. Xesús Alonso Montero, o profesor subversivo que de maior quere ser comunista, advirte que Lorenzo Varela "poetizou en galego (1944-1951) lonxe da terra nun país de liberdade cando os seus colegas do exilio interior calababan ou tateaban a súa lingua". Alí dirixe El Pueblo Español, portavoz do Partido Comunista, e desenvolve unha prolífica actividade cultural participando en numerosas actividades, tamén como crítico de arte.

No ano 47 consegue un contrato nunha universidade estadounidense, pero as autoridades denéganlle o visado pola súa militancia comunista. O seu definitivo regreso á súa terra, dous anos e medio antes do seu pasamento, prodúcese ante a indiferencia da intelectualidade da época. Mundo Obrero recollería dous artigos de Santiago Álvarez e Xesús Alonso Montero lembrando ó poeta, camarada e paisano no seu cabodano (28-XII-1979). O seu amigo José Bergamín dedicarlle un emotivo soneto titulado A Lorenzo Varela, poeta galaico, inesquecible amigo (1979): Lo que dejó de ser sin haber sido volverá a ser como si no lo fuera dándose en lo ganado por perdido.

Un poeta coa obra e a biografía de Lorenzo Varela merece un espazo na historia da Literatura galega, e a conmemoración da súa figura no día das Letras Galegas 2005 é un excelente recoñecemento no seu país de orixe. En 1986 o Partido Comunista de Galicia instaurou o Premio de poesía Lorenzo Varela, que a actual dirección pretende recuperar. O certame incluía a publicación dun cartel co poema galardoado e a súa distribución polas principais poboacións galegas. Para perpetuar a súa viaxe.